

# REGO DA PATELA

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2020



Distancia: 5 km (ida e volta)

Dificultade: media



## Un río para a aventura ao pé de Cuntis

Días de inverno, tempo de fervenzas. Os regatos cheos, ben alimentados polas choivas, as árbores sen follas e as beiras lavadas polas enchentes, sen fentos nin outras plantas estacionais que dificulten a marcha ou agochen buratos e outras pexas e atrancos do terreo, fan máis doado achegarse ás fervenzas, aínda que hai que ter máis coidado coa humidade que fai esvaradías as rochas polas que, moitas veces, hai que camiñar. Por iso para ir a eses sitios sempre hai que levar calzado axeitado e bastóns, que tanto serven para ter un apoio como para apalpar o terreo e buscar un lugar seguro onde poñer os pés.

Nesta ocasión achegámonos ao concello de Cuntis, que ademais de contar con sona termal e balnearia ten recursos naturais abondo e roteiros para gozar da natureza, para facer unha camiñada remontando o curso do rego da Patela, que xunta as augas que escoan dos montes da súa contorna (Cabalar, Sebil e Fental) para levalas ao río Gallo (tributario do Umia), e no seu percorrido descende uns 150 m en pouco máis de un quilómetro ao caer polas paredes da falla que deu orixe á Depresión Meridiana de Galiza, e como a súa capacidade erosiva é escasa e a resistencia que lle opón o terreo granítico polo que baixa é moita, ten un percorrido axitado, convertido nunha sucesión de rápidos e saltos de diversos tamaños. Para velos todos hai que achegarse á canle e ila remontando camiñando o máis preto posible da auga. O traxecto é curto, non pasa dos 5 km, ida e volta, pero o terreo é complicado, nalgúns puntos imposible e noutros só apto para bechos de catro patas e con capacidade para penetrar o mato de uces.



As Campaíñas

## PERCORRIDO

Comezamos a andaina ao pé do **monumento ao Sagrado Corazón** (Maráns), que se atopa na saída de Cuntis cara a Xinzo e Cequeril, xusto despois de cruzar o rego da Patela, e en canto podemos achegámonos ao río, e levando á esquerda, camiñamos pola súa beira todo o tempo que nolo permita o relevo, cando non, facemos un pequeno desvío polo monte para volver á beira en canto se poida, e así imos descubrindo un rápido detrás de outro e entre eles os saltos máis grandes. No traxecto contamos máis de dez saltos, os máis importantes con nome propio (**As Campaiñas** e **O Érbedo**) e entre eles a **fábrica da Luz** que conserva, no estado que llo permite o tempo e a exposición aos elementos, os mecanismos que transformaban a forza da auga en corrente eléctrica (turbinas, xerador...).

O percorrido para achegarse a coñecer as dúas fervenzas máis grandes e a fábrica da luz tamén se pode facer seguindo unha parte do trazado da Ruta Circular de Cuntis (24 km polo sueste do concello, PRG 20), un bo camiño que pasa preto delas que ten indicadores que as sinalan, que foi polo que nós fixemos o camiño de volta.



Fervenza (3)  
As Campaiñas



Fervenza (1)




Fervenza (2)





Fervenza (5)



Fervenza (4)



Restos da fábrica da luz



Fervenza (6)



Fervenza (7) Do Érvado



Fervenza (8)



Fervenza (9)



Carteis na ruta



Bríons no  
toro dunha  
árbore